

Non fagan moito caso

Ensaio Directo e claro, sen lugar a confusión.

Así analiza Xavier Queipo o mundo literario

Asina Xavier Queipo (Compostela 1957) unhas *Cartas marcadas* polas letras. Non hai moitos meses presentaba *Felices e diferentes* (Laiovento, 2009) no que reunía un feixe de opinións, máis alá da literatura e dos libros, creadas para o *Diario Cultural* da Radio Galega. Pero nos artigos que acaba de editar Galaxia e que xa se publicaran en *Culturagalega.org* xunta impresións sobre a lectura, as relecturas, os escritores, a xeración, o plaxio, a arte de editar, os premios, a crítica, a educación. Xeneralizando un pouco, o libro resúmese nunha sentenza do artigo titulado “Insomnio, dromomanía e outras debilidades”: “Vou cometer un crime, vou falar en xeral partindo da experiencia propia”.

As *Cartas* son pequenas teses. Están marcadas porque o autor explica nas liñas de apertura de qué vai falar e moitas veces mesmo cómo o vai facer. Sen confusión. A única que no libro non están ordenadas cronoloxicamente, coma as publicou no portal do Consello da Cul-

tura Galega, senón agrupadas en bloques temáticos. Polo demais, non hai maxia no xogo. Hai regras para xogar, mesmo creadas para a ocasión. Hai pregunta, respostas, autoretrato, espellos. Tamén algún axuste de contas: “Hai tempo escribín un microensaio sobre como elaborar un poema sen crear un só verso, incluído no meu libro *Manual de instrucións*, probabelmente incomprendido. A diferenza entre que me faga graza e que defenda a publicación dun texto plaxiado está nunha palabra: honestidade”. Ten outro dedicado á cita, “ese sintoma”. “É curioso que este é un dos poucos ensaios que levo escritos nesta sección que non leva ningunha cita (...) Será que non preciso fortificar os meus argumentos? (...) Non estarei dicindo máis que absurdos e entón, claro, tan imposible atopar citas que os sustenten. Non sei, teño unha dúbida”. Os contidos dos artigos abren liñas de debate e o autor apela constantemente a quen le, porén non había,

Cartas marcadas ·
Xavier Queipo ·
Galaxia, 2010 ·
192 páx · 19 euros



por exemplo, espazo para comentarios, para a resposta inmediata, cando os publicaba na rede.

Se vostede pensa en facerse con este libro segundo Xavier Queipo non mire capa –co seu 9 de corazóns en vermello e cor viño– ou contracapa –na que o autor asegura estar “construíndo devagar o seu propio descrédito”– e estude o contrato inicial. Ese “que o escritor establece co lector potencial” e que se nos di que “reside nas primeiras páxinas”. Saltando o limiar e “Unhas palabras de xustificación” do propio Queipo, o contrato con este volume sería “Ler”. Comeza: “Vou falar do que a algúns lles parecerá obvio e, por tan-



Pencil // H. Varlan (Creative Commons)

to, prescindíbel. Máis, ás veces, para nos centrar é necesario constatar a existencia do obvio”.

“Nós [os escritores] non seríamos sen unha chisca de insomnio e unha certa tendencia ao vagabundeo”. Amais, para o compostelán residente en Bruxelas dende onde emite a maior parte das veces “o que fai de alguén que escribe un escritor é a súa capacidade para sentir o que os demais non poden ver”. El é capaz de ver na enoloxía unha escusa para retratar e retratarse entre os escritores “da colleita do 57” esa para a que “a guerra do Vietnam aparecía todos os

días nas pantallas dos televisores” e que leu os “poucos libros de galego que había nas librarías”. Desacolleita el sinala entre outros a Antón R. Reixa, Bieito Iglesias, Gonzalo Navaza ou Manuel Rivas e nese artigo, “Escrita e enoloxía”, asegura: “Outros virán, pasado o tempo, que farán de nós uns clásicos, mais polo de agora, meus, aquí estamos, para escribir e ser felices”. Aínda que, contra o final, no capítulo IV, na Addenda, Xavier Queipo reparte a última baza: “non me fagan moito caso do que aquí está escrito”. É o “xogo dun ficcionista convencido”. // **Xiana Arias Rego**